

Boletín CAIA 05

novembro 2023

ACTO CENTRAL CONMEMORATIVO DO 20N EN SANTIAGO DE COMPOSTELA



O 20 de Novembro, na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela levouse a cabo un acto central conmemorativo do Día Internacional dos Dereitos do Neno, un acto que mesmo foi recollido nos [informativos da TVE](#). Os/as nosos compañeiros/as Elena, Mónica, Lucas e Zeltia, exerceron de presentadores e moderadores do acto, e tamén participou outra compañeira, Lucía, cos seus compañeiros e compañeiras de clase, que presentaron un vídeo falando sobre a temática de protección á infancia. Podedes ver máis publicacións deste acto [aquí](#).



"FORO DE FOROS" I ENCONTRO DE CONSELLOS AUTONÓMICOS DE PARTICIPACIÓN

Os días 10, 11 e 12 de novembro en Cuéllar (Segovia) tivo lugar un encontro entre os diferentes Consellos Autonómicos de Participación. Acudiron representantes de: Castela e León, Extremadura, e por suposto, Galicia. Nestes días traballouse na elaboración dun manifesto sobre a protección da infancia e adolescencia.

Podedes ver publicacións deste encontro [aquí](#).



III ENCONTRO GALEGO DE CONSELLOS DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE

En novembro, os días 18 e 19, levouse a cabo no Carballiño un encontro de Consellos Locais de Participación, onde participaron varios/as dos/as nosos/as compañeiros/as. Traballaron na elaboración dun manifesto sobre a protección á infancia e adolescencia, e realizaron un mural co artista Leandro Lamas.

Podedes ver publicacións dese encontro [aquí](#).



PRESENTACIÓN DA PARTICIPACIÓN INFANTIL ANTE A VALEDORA DO POBO

Os/as compañeiros/as, Natalia e Juan, presentaron na sede da Valedora do Pobo unha defensa sobre a participación infantil. Estivo presidindo o acto a Valedora, e diferentes entidades de iniciativa social.

Podes ver máis sobre o acto [na propia web da valedora](#).



SESIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA

O día 28 de novembro os/as compañeiros/as dos distintos Consellos Locais presentaron no Parlamento de Galicia o manifesto elaborado días atrás na xuntanza de Carballiño. A nosa compañeira, Zeltia, aproveitou o seu discurso para presentar o CAIA aos membros/as do Parlamento, e por en valor o traballo que realizamos.

Máis contido do acto [nesta noticia na "Voz de Galicia"](#).

Mais actividades con motivo do día internacional dos dereitos da infancia



PLENO INFANTIL NO CONCELLO DE TEO

No Concello de Teo coincidindo co Día Mundial da Infancia, o Salón de Plenos do Concello acolleu a 12ª sesión do Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA).

Tedes a publicación [aquí](#).



PLENO INFANTIL NO CONCELLO DE MOAÑA

O Concello de Moaña tamén levou a cabo un pleno infantil para conmemorar o 20 de Novembro. Neste caso, os compañeiros/as dos colexios e institutos elaboraron uns paraugas protectores.

Podedes ver máis [aquí](#).



PLENO INFANTIL NO CONCELLO DE REDONDELA

No concello de Redondela levouse a cabo un pleno infantil para conmemorar o Día 20N, e encheron o Concello de murais realizados polos colexios e institutos que expresaran o que é a protección para eles/as. Podedes ver [aquí](#) a noticia.



PLENO INFANTIL NO CONCELLO DE MOECHE

O Concello de Moeche tamén levou a cabo un pleno infantil para conmemorar o 20 de Novembro.

Podedes ver máis [aquí](#).



PLENO INFANTIL NO CONCELLO DE PONTEAREAS

No concello de Ponteareas levouse a cabo un pleno infantil para conmemorar o Día 20N, e encheron o Concello de chubasqueiros deseñados polos colexios e institutos. Podedes ver [aquí](#) a noticia.



A TVG ESTIVO NO CEIP SAN RAMÓN DE MOECHE ENTREVISTANDO Ó ALUMNADO

“Temos dereito a ter unha identidade, á educación, a non ser maltratados, a ter un fogar...”



JUAN PARTICIPOU NO GALICIA EN GOLES

Juan, e as súas compañeiras do Consello Local, “Mentes Novas” tiveron a oportunidade de participar no programa Galicia en Gole contando as súas vivencias no mundo deportivo. Máis información sobre o programa [aquí](#).



A TVG ENTREVISTOU ÓS PARTICIPANTES DO PLENO DE REDONDELA

Mozos de Redondela presiden o pleno municipal para erguer a súa voz na #SemanaCoaInfancia. Unha conciliación axeitada formou parte das súas reclamacións